



CONCELLO DE DUMBRÍA

Asunto: solicitude de informe tras modificación proxecto e remisión da documentación para a súa exposición pública.

Proxecto Industrial Estratéxico (PIE): Planta de conversión de madeira en carbón vexetal

Promotor: XALLAS ELECTRICIDAD Y ALEACIONES, SAU.

Concello afectado: Dumbría (A Coruña)

O proxecto arriba indicado foi declarado polo Consello da Xunta de Galicia, mediante Acordo do 09.12.2024, como Proxecto industrial estratéxico (PIE), de tal xeito que, de acordo co disposto no artigo 79.4 do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, a dita declaración terá, entre outros, os seguintes efectos: a aplicación de oficio da **tramitación conxunta**; o **carácter prioritario da tramitación** por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia dos procedementos administrativos necesarios para a aprobación do proxecto e as súas infraestruturas necesarias; e a xustificación da concorrencia de razóns de interese público para os efectos da **tramitación de urxencia**.

1. De conformidade co previsto no artigo 80.4 Decreto legislativo 1/2015, dentro do procedemento de aprobación do proxecto de referencia, o 06/05/25 solicitouse informe ao Concello de Dumbría. O 12/05/25, recibíuse o informe solicitado.

2. O 08/07/25, o promotor presentou ante a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, documentación relativa o determinadas modificacións efectuadas no proxecto anteriormente exposto, polo que o 14.07.2025 se publica no Diario Oficial de Galicia o Anuncio do 9 de xullo de 2025, polo que se somete a información pública o proxecto dunha planta de conversión de madeira en carbón



vexetal promovido por Xallas Electricidad y Aleaciones S.A.U., a implantar no concello de Dumbría (A Coruña).

3. Dado que a presentación da antedita documentación tivo lugar con posterioridade á emisión do informe, remíteselle a mesma a efectos de que se ratifiquen no informe do 12.05.2025 ou emitan novo informe.

Asemade, achégase a documentación que de seguido se relaciona, **para os efectos da súa exposición pública no taboleiro de anuncios dese Concello durante o prazo de trinta (30) días hábiles** que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do Acordo no *Diario Oficial de Galicia* (14.07.2025).

Documentación :

- ✓ *Memoria do proxecto*
- ✓ *Planos do proxecto*
- ✓ *Anexo I. Proyecto de ejecución Planta carbón vegetal.*
- ✓ *Anexo I. Proyecto de ejecución Planta carbón vegetal. Estudio de seguridad y salud.*
- ✓ *Anexo I. Proyecto de ejecución Planta carbón vegetal. Estudio geotécnico.*
- ✓ *Anexo II. Estudio de impacto e integración paisajística.*
- ✓ *Anexo III. Estudio de impacto sobre el patrimonio cultural. Prospección arqueológica.*
- ✓ *Anexo IV. Estudio de tráfico.*
- ✓ *Anexo V. Análisis de compatibilidad estratégica (ACE).*
- ✓ *Anexo VI. Informe Prospección Dryopteris en los terrenos a afectar por la construcción de la nueva planta de producción de carbón vegetal en la fábrica de Xallas Electricidad y Aleaciones, S.A.U., en el término municipal de Dumbría*

Rematado o prazo indicado, deberá remitir a esta secretaría xeral un certificado acreditativo da exposición, co seguinte contido: o período de exposición pública, a documentación que foi exposta e a indicación de se se recibiron ou non alegacións. De ser o caso, darase traslado do contido das mesmas e indicaranse na certificación para a súa constancia no expediente administrativo.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data sinalada á marxe.

A xefa do Servizo de Impulso de Proxectos
Alba Montoiro González



Pode encontrar toda a información relativa aos documentos adxuntos no enlace que se mostra a continuación.

Url de descarga: <https://descargas.xunta.gal/98e052d2-c989-44de-989a-ae884e83f38a1752492995642>

Contrasinal: MqmVu80G

Lista de documentos adxuntados por CENDES:

- Memoria_PIE XEAL.pdf
- Anexo III_Estudio impacto patrimonio_Prospeccion.pdf
- Anexo I_Proyecto ejecucion Planta Carbon Vegetal_Anexo.pdf
- Anexo IV_Estudio de trafico.pdf
- Anexo I_Proyecto ejecucion Planta Carbon Vegetal.pdf
- Anexo I_Proyecto ejecucion Planta Carbon Vegetal_Anexo.pdf
- Anexo VI_Estudio prospeccion Dryopteris.pdf
- Anexo V_ACE.pdf
- Anexo II_EIIP.pdf
- PLANOS INFORMACION TERRITORIAL_PIE XEAL.pdf

Este documento está firmado electrónicamente, para a súa comprobación poderá entrar na páxina web institucional que se indica no marxe e insertar o Código de Verificación Electrónica (CVE).

